

QUERO SER COCIÑEIRO

Ser cociñeiro, cando tes nove anos e fame o 85% do tempo, non é nada fácil. Eu trato de seguir as instrucións, pero as cousas nunca son tan sinxelas canto te pos mans á obra.

Volveume pasar coas madalenas. Despois de bater, engadir os ingredientes e encher os sombreiriños brancos, acabei coas lentes, a camisa e o pelo todo cheo de crema amarela. Un auténtico noxo!

Desta volta ninguén ía librame de que mamá me metese directamente na lavadora. Levaba semanas advertíndomo.

- Román, calquera día vas para a lavadora con roupa e todo!

Mamá é guai pero ás veces enfádase. A min iso de estar dando voltas no tambor da lavadora setenta e cinco minutos, que é o que dura o ciclo para manchas difíciles, non me fai moita graza.

Un día metín a Dodoto, o meu gato. Tratei de explicarlle que era polo ben dos dous e talvez de toda a humanidade. Botei deterxente e suavizante con cheiro a amorodo, pensando que sería fantástico que cheirase a amorodo. E deille ao botón de acendido. Xusto cando a lavadora empezou a facer o ruído, apareceu mamá como por arte de maxia. Ás veces pensó que leva un radar incorporado na cabeza!

Enfadouse moitísimo. Púxoselle a cara vermella coma un tomate frito, sacou a Dodoto inmediatamente da lavadora e chamoume cousas moi feas.

- Es un inconsciente, un imprudente, un descerebradooooo!

Que me chamase esas cousas que rematan en -ente non me importou, porque estou afeito. Pero que me dixese que son un descerebrado púxome triste. Porque un descerebrado é alguén que non ten cerebro, e se non tes cerebro non podes pensar, nin lembrarte das cousas felices.

Como lle pasa á veciña Manola, que esqueceu ata os nomes dos seus netos. Iso é unha traxedia realmente trágica. Por iso prometín non volver usar a Dodoto nos meus experimentos, para non perder o meu cerebro e conservar a memoria, os recordos felices e non esquecer os nomes das persoas que quero.

Como dicía, o resultado das madalenas foi regular. Paseime ao botar a masa nos moldes e a metade delas, cando empezaron a medrar no

forno, saíron por fóra e convertéronse en monstros de varias cabezas. Houbo outras con mellor pinta, pero quedaron algo crúas por dentro. As tres que se salvaron cominas eu antes de que arrefriasen, e nin mamá nin papá puideron probar o ricas que estaban. Xa vos dixen que ser cociñeiro, cando tes nove anos, non é cousa fácil.

A pesar das dificultades, eu quero ser cociñeiro. Ou chef, que é máis profesional aínda. Por iso lles pedín aos meus pais un curso de cociña como agasallo de aniversario, que é o 2 de novembro. Tiña medo de que me regalasen unha revista de receitas, ou algo así. Pero nada diso. Papá e mamá agasalláronme o mellor curso de cociña do mundo.

LEDICIA COSTAS

Escarlatina, a cociñeira defunta

1. Quen é o protagonista do relato?
2. Cantos anos ten?
3. Por que a nai lle dixo "Es un inconsciente, un imprudente, un descerebrado!"?
4. Cal destas palabras fixo entristecer a Román?
Por que?
5. Cres que a nai tiña razóns para estar enfadada? Por que?